

OS SERVIZOS DE ORIENTACIÓN EN GALICIA: UN ESTUDO SOBRE A SÚA XESTACIÓN, IMPLANTACIÓN E MODELO RESULTANTE

Neves Arza Arza, Mar Rodríguez Romero, M^a José Caride Delgado, Belén García Cabeza,
Fernando Iglesias Amorín
Universidade da Coruña
neves@udc.es
mar@udc.es

Resumen

Nuestra comunicación presenta el estudio de caso realizado en Galicia a partir de una investigación patrocinada por el CIDE, que ha tenido como finalidad descubrir los diferentes itinerarios que algunas CCAA han seguido en la configuración de sus servicios de Orientación a raíz del traspaso de competencias educativas. El propósito es realizar una descripción e interpretación del modelo de orientación en Galicia explorando dos ejes analíticos: la gestión e implantación de la estructura y la impronta del modelo. El estudio empírico se ha realizado mediante análisis de documentos y trabajo de campo con entrevistas y grupos de discusión. El estudio de caso se ha planteado con una perspectiva diacrónica, para captar la evolución acontecida e investigar temas novedosos como la gestación e implantación de la estructura de orientación, retratar la evolución del modelo y conocer el protagonismo que en su construcción han jugado los diferentes sectores implicados. Desde la perspectiva sincrónica, nos encontramos con ajustes y modificaciones en el presente, que suponen una mejora ostensible de los servicios de orientación porque implican una extensión de los Departamentos de Orientación a los centros de educación infantil y primaria de menos de 12 unidades.

1. INTRODUCCIÓN

A nosa comunicación presenta o estudo de caso realizado en Galicia, o longo do 2008, no contexto máis xeral dunha investigación patrocinada polo CIDE, *Os proceso de cambio das políticas públicas sobre orientación e apoio á escola: análise comparado dos modelos vixentes e emergentes nas CCAA*¹. E que tivo como finalidade descubrir os diferentes itinerarios seguidos en Cataluña, País Vasco, Galicia, Madrid, Castilla La Mancha e Navarra na configuración dos servizos de orientación. Os resultados que presentamos dan conta de dous dos eixos analíticos obxecto da pesquisa:

- a) Xestión, deseño e implantación do sistema de orientación galego, no que fai a configuración dos servizos e as súas características diferenciais
- b) Modelo teórico subxacente e modelo resultante.

O terceiro eixo obxecto de estudo, a valoración do modelo institucional de orientación galego por parte dos distintos axentes implicados, non vai ser exposto nesta comunicación.

2. OBXECTIVOS

Como xa se indicou os resultados que se presentan forman parte dunha investigación máis ampla realizada nas seis Comunidades Autónomas xa mencionadas, cos seguintes obxectivos:

- Identificar as causas e factores que levaron ás CCAA a tomar a decisión de manter a estrutura e modelo LOGSE² de orientación e intervención psicopedagógica ou a optar por unha nova estrutura e modelo.
- Comparar o proceso de deseño dos distintos modelos vixentes entre si en relación con variables significativas: cobertura de necesidades, satisfacción de administradores, profesionais e destinatarios.
- Identificar o modelo teórico que subxace a cada modelo institucional e valorar as súas consecuencias.
- Identificar as tendencias de cambio a curto e a médio prazo.
- Identificar as CCAA que están proxectando un cambio de estrutura e modelo, analizar as causas que as levan ao cambio e o procedemento seguido no deseño do novo modelo.

Os obxectivos específicos para o estudo de caso de Galicia foron:

- Identificar os factores que levaron a Administración educativa galega a optar por o novo modelo de organización dos servizos de orientación para o ensino non universitario regulado no Decreto 120/1998, e na Orde do 24 de xullo de 1998
- Analizar o proceso de implantación dos servizos de orientación
- Caracterizar o modelo teórico que subxace no modelo institucional de orientación e valorar o seu desenvolvemento
- Recoller a valoración do modelo por parte dos distintos axentes implicados.
- Determinar as tendencias de cambio a curto e a medio prazo

3. PERSPECTIVA DO ESTUDO

Con respecto a perspectiva desde a que se realizou o estudo de caso, gustaríanos incidir nos diferentes planos de indagación que se combinaron nesta investigación e que ofrecen un mapa complexo da orientación en Galicia.

O estudo de caso foi deseñado cunha perspectiva diacrónica que permitiu captar a evolución acontecida. Esta actitude teórica foi especialmente relevante para investigar temas novos como os factores que se tiveron en conta no deseño dos servizos de orientación e o proceso de implantación dos mesmos, para retratar a evolución do modelo e coñecer o protagonismo que na

súa construción foron despregando os diferentes axentes implicados e, por último, para identificar os factores facilitadores e obstaculizadores do seu desenvolvemento.

Dende a perspectiva sincrónica, atopámonos con axustes e modificacións no presente, ligados a un cambio político, e é evidente que interesa valorar a súa significatividade e tamén valorar a súa proxección de futuro para contar con certa visión prospectiva. Sobre todo tendo en conta que a brevidade da substitución política vai pór de manifesto a vontade de mellora dos mesmos que promoveron e implantaron o sistema, no sentido de continuar ou non pola senda aberta durante o mandato do goberno bipartito (2005-2009).

É de resaltar que se aplica unha perspectiva á vez socio-política e interpretativa ao estudo da orientación. En primeiro lugar, é nova a visión contextualizada da orientación que se manexa no marco teórico, formando parte dun armazón de circunstancias e decisións globais cun marcado carácter sociopolítico que, por unha banda transcenden o educativo, como as referencias demográficas, orzamentarias, etc. pero que á vez permiten entender dun modo máis significativo o papel que se lle outorga á orientación na complexa estrutura do sistema educativo. En segundo lugar, o estudo das motivacións e dos factores que explican a toma de decisións sobre o sistema de orientación constitúe unha novidade en Galicia e pon de manifesto o vínculo entre o educativo e o político, referíndonos tanto á política estrutural como á micropolítica. Desde unha perspectiva interpretativa, ten pleno sentido preguntarse polo modelo subxacente e constitúe unha achega indubidable tratar de caracterizalo dun modo poliédrico e vivencial, tal e como se intentou neste estudo de caso.

Outra característica novedosa do estudo é o vínculo entre orientación e equidade. Neste sentido, a abordaxe conxunta de cuestións relativas á coordinación entre servizos, á sectorización e á normalización permite situar o equilibrio entre calidade e equidade nun contexto social máis amplo, no que as implicacións do comunitario e o interinstitucional ofrecen unha imaxe da orientación máis acorde coas sociedades globalizadas nas que vivimos. A inclusión dos servizos sociais dos Concellos e o papel das ONGs son, por exemplo, unha mostra deste tipo de perspectiva de traballo máis en rede cara á que se camiña.

4. METODOLOXÍA DO ESTUDO DE CASO

O estudo realizouse seguindo dúas liñas estratéxicas: a análise de documentos e o traballo de campo.

Respecto da análise de documentos hai que sinalar que se recompilou normativa legal, publicacións da administración educativa e informes de investigación sobre a orientación en Galicia. Esta revisión documental serve de base para apoiar a recollida de datos verbais mediante entrevistas e grupos de discusión que constitúe o que sería o traballo de campo.

Para a análise de documentos usamos unha clase de inferencia denominada “*que é*” que permite a selección dun fenómeno ou dun tema e a súa clasificación en aspectos, compoñentes ou tópicos (Gerbner, 1969). Este tipo de inferencia proporciona concepcións comúns acerca dos fenómenos ou temas e configura coñecemento compartido para formar unha base que permita a comunicación.

No traballo de campo combináronse a entrevista, o grupo de discusión e as comunicacións electrónicas. Presentamos a continuación unha listaxe cos procedementos de recollida de datos empregados.

a) *Entrevistas a expertos*: aos responsables políticos no momento de deseño e implantación do modelo institucional de orientación e aos responsables no momento da realización do estudo:

- E1. Entrevista realizada ao exconselleiro de Educación, responsable do deseño e implantación do modelo institucional de orientación
- E2. Entrevista á Directora Xeral de Innovación e Ordenación Educativa á Subdirectora Xeral de Ordenación e Innovación Educativa da Consellería de Educación do goberno actual no momento de realizar o estudo.

b) *Entrevista estruturadas*

E3. Entrevista realizada a unha educadora social dos Servizos Sociais Municipais que traballa nun Centro Cívico de A Coruña.

E4. Entrevista realizada a un orientador de Secundaria participante no grupo de discusión de orientadores/as de Secundaria

E5. Entrevista a un representante da Asociación Profesional de Orientación Educativa de Galicia (APOEGAL).

d) *Comunicacións electrónicas* de carácter aclaratorio e de validación a algunhas persoas participantes nos grupos de discusión.

e) *Grupos de discusión*. Realizáronse os catro grupos de discusión seguintes:

- GD1. Grupo de discusión con 7 titores/as de Infantil (1), Primaria (2) e Secundaria (4)
- GD2. Grupo de discusión con 4 orientadoras de Primaria, unha profesora de pedagogía terapéutica e dous especialistas dos servizos de orientación externos.
- GD3. Grupo de discusión con 4 orientadores/as de Secundaria e un orientador dos servizos externos, especialista en Discapacidade Motórica.
- GD 4. Grupo de discusión de tres técnicos: dúas inspectoras e un asesor de orientación do CEFORE.

Para a selección dos participantes nos grupos de discusión utilízouse a selección por criterios, seleccionando informantes segundo criterios específicos en función do tipo de datos que se necesitaba colleitar (Goetz e Lecompte, 1988; Flick, 2004).

Para as entrevistas o criterio de selección foi o protagonismo dos informantes nas decisións relativas ao deseño e implantación do sistema de orientación en 1998 e ós responsables políticos dos axustes realizados entre 2004 y 2009. No resto das entrevistas o criterio de selección foi o de casos extremos.

Para as comunicacións electrónicas aclaratorias o criterio de selección dos informantes foi o de casos significativos, é dicir, de persoas con información privilexiada para entender cuestións expostas nas preguntas da investigación.

Para os grupos de discusión aplicáronse, con carácter xeral, os criterios de titulación e de traxectoria profesional dilatada en orientación. Os criterios de tipoloxía e localización xeográfica do centro aplicáronse discrecionalmente porque se cruzaron co criterio de conveniencia, é dicir, priorizáronse os casos de máis fácil acceso. Ante a imposibilidade de contar cos casos elixidos durante a selección primaria – aquela que involucra na investigación os casos que cumpren todos os criterios- foi necesario facer unha selección secundaria, na que se incorporaron informantes inicialmente non seleccionados e que non cumpren todos os criterios de selección previamente acordados. A selección secundaria favoreceu a inclusión no grupo de discusión de orientación de primaria, e contra o acordado inicialmente, dun grupo social preexistente.

No que fai á recollida de datos, convén mencionar que seguindo o previsto no traballo de campo intentouse realizar primeiro as entrevistas a expertos e a continuación os grupos de discusión. O atraso na aceptación do compromiso por parte dos entrevistados, dilatou excesivamente as decisións loxísticas que implican concertar cun número importante de persoas a realización dos grupos de discusión. Finalmente, decidiuse invertir a orde para facer operativa a recollida de datos, de tal modo que as entrevistas foron intercaladas entre os grupos de discusión. Esta decisión tivo consecuencias positivas xa que, seguindo as informacións ofrecidas polos orientadores e o profesorado nos grupos de discusión, ampliáronse as cuestións inicialmente formuladas nas entrevistas.

En relación coa análise de datos, aplicouse a interpretación directa (Stake, 1998). Esta estratexia de análise produce inferencias dun nivel inferencial baixo, é dicir, moi próximas aos datos e xa que logo de maior poder descritivo que interpretativo. Isto é conveniente para facilitar a validación da información por parte dos informantes, permite a comparación e deixa espazo para elaborar inferencias máis sofisticadas en termos interpretativos para o estudo de síntese final, algo fundamental nun estudo de casos múltiple. Outra razón que apoia esta estratexia de

análise é a redución do tempo entre a recollida de datos e a entrega do informe. Esta circunstancia fixo que a interacción entre recollida e análise dos datos non se desprégase en ciclos sucesivos que permiten unha depuración maior na recollida de datos e unha análise máis progresiva. Polo tanto, necesitouse unha estratexia de análise cun percorrido curto entre os datos brutos e a elaboración de inferencias, tal e como sucede coa interpretación directa.

En relación cos criterios de credibilidade do estudo hai que mencionar os seguintes:

- *Triangulación metodolóxica*: compaxináronse datos procedentes de tres canles: a análise de documentos, as entrevistas a expertos e os grupos de discusión. Adicionalmente incluíronse dúas entrevistas máis, a unha educadora social e a un representante da Asociación de Profesionais da Orientación de Galicia.

- *Triangulación de fontes de datos*: recolléronse datos de diversas audiencias como tutores/as, orientadores/as, outros profesionais incluídos en servizos de apoio e en servizos comunitarios, persoal técnico e responsables políticos.

- *Fiabilidade do procedemento*: é importante aclarar a orixe dos datos, as circunstancias do seu rexistro e a fronteira entre o dato e a construción dos investigadores/as. Para garantir estas cuestións no informe de investigación descríbese o proceso seguido no traballo de campo e as circunstancias da recollida de datos; ademais documéntase todo o proceso achegando as fichas de rexistro de cada entrevista e grupo de discusión.

- *Validez*: entendida como saber ata que punto as interpretacións que ofrecen os investigadores/as contan co respaldo empírico dos datos brutos. Aplicáronse dous procedementos:

○ A validación da información por parte dos suxeitos investigados con procesos de devolución de información con diferentes niveis de garantía no caso dos grupos de discusión.

○ A trama argumental das interpretacións ten un enfoque máis descritivo que interpretativo e para logralo recorreuse á introdución de testemuños e evidencias procedentes dos informantes ou os documentos orixinais ao longo do informe. Asegúrase o acceso aos datos brutos achegando as transcricións de entrevistas e grupos de discusión nos anexos.

5. ACHADOS

Presentamos alguns dos principais achados clasificados en función dos obxectivos do estudo.

a) **Xestación, deseño e implantación dos servizos de orientación**

O deseño e implantación dos servizos de orientación adaptados ás esixencias da LOGSE realizouse tardíamente e con certa dose de indecisión. A súa regulación prodúcese en 1998, mentres que os aspectos organizativos e funcionais do outro píar do sistema de orientación, a

titoría, xa se tiñan regulado con anterioridade. A indecisión que caracterizou á Administración educativa evidenciase, fundamentalmente, na publicación de varias propostas diferentes de organización dos servizos de orientación entre 1996-1997 (Consellería de Educación, 1996).

En relación cos sistemas de orientación implantados no resto das CCAA, as principais novidades do modelo institucional galego aluden ás tres características seguintes:

- A creación de servizos de orientación internos nos centros (departamentos de orientación) de educación Infantil e Primaria e nos centros de Primaria de 12 ou máis unidades.
- A especialización dos servizos externos, que abarcan na súa actuación a provincia e a todos os centros de ensino non universitario, incluídos os centros específicos de educación especial;
- Os orientadores e orientadoras dos departamentos de orientación non asumen tarefas docentes.

Os motivos que influiron nesta novidosa configuración dos servizos de orientación foron de diversa natureza, segundo o responsable político do deseño e implantación do sistema, de diversa natureza:

- A aposta polos servizos internos apoiada na convecemento de que permitiría superar algúns dos inconvenientes dos servizos externos; sobre todo pretendíase a promoción dunha acción orientadora educativa e integrada na actividade cotiá dos centros.
- Estender os beneficios dos servizos internos aos centros que impartían as primeiras etapas educativas, rompendo así o trato desigual que significaba a implantación de servizos internos unicamente nas etapas de educación secundaria.
- Dar unha resposta máis adecuada ás características de dispersión xeográfica dos centros e complicada orografía que dificultaban os desprazamentos.
- Adoptar un modelo máis acorde coas tendencias estudadas nos sistemas de orientación dos países europeos.
- Evitar a duplicación e o solapamiento de funcións entre os servizos externos e internos.
- Aproveitar o numeroso grupo de titulados en psicoloxía e pedagogía existentes entre os mestres que podían asumir tarefas de orientación especializada.
- Os recursos económicos, tratábase de conciliar a mellor decisión técnica cos recursos dispoñibles.
- A non atribución de docencia aos profesionais da orientación foi un tema de debate que se expuxo polos sindicatos e no que a Consellería desde o principio estivo de acordo.

b) Modelo teórico subxacente e modelo resultante

As publicacións da Consellería (2000, 2001, 2002) e a normativa debuxa un sistema de orientación asentado en tres piares: a titoría, os Departamentos de Orientación e os Equipos de

Orientación Específicos. Nas funcións e principios que inspiran o sistema subxace un modelo teórico que entende a orientación como un proceso presente en todas as etapas educativas, como unha actividade educativa, preventiva, ligada á función docente, compartida polo profesorado e os especialistas.

O labor dos orientadores/as dos departamentos defínese con funcións de amplo espectro que abarcan as dimensións terapéutica, educativa, preventiva, curricular e que os presenta fundamentalmente como asesores.

A titoría adquire o rango de actividade educativa planificada e, polo tanto, integrada na oferta educativa do centro no marco do proxecto curricular de centro. Funcionalmente, ao titor asígnanselle labores relativos ao profesorado, ao alumnado e ás familias.

A práctica real dista da que se prescribe na normativa. A orientación non presenta continuidade nas distintas etapas educativas. A limitación de crear departamentos de orientación unicamente en centros de 12 ou máis unidades e o mecanismo de adscrición seguido, significou unha menor dotación de recursos nas primeiras etapas da educación. Esta modalidade organizativa dos departamentos de orientación non garante nen a cobertura á totalidade dos centros nen as condicións necesarias para o desenvolvemento da orientación, tal e como se define normativamente. O número de centros adscritos e as etapas educativas que atenden algúns departamentos (Infantil, Primaria, ESO, bacharelato, FP) imposibilitan unha acción orientadora interna e preventiva. A todo isto súmase a non institucionalización de canles organizativas que promovan unha intervención interna. Estas condicións favorecen as características máis negativas do funcionamento dos servizos externos.

Ainda coas limitacións sinaladas, a localización dos profesionais da orientación nos centros educativos tivo repercusións inmediatas no enfoque dado ao labor que evolucionou cara a formas de actuación máis preventivas e colaborativas. Parece terse dado pasos cara un dos principais propósitos perseguidos coa implantación do apoio interno: a inclusión da orientación na vida dos centros.

Pervive unha aproximación clínica, moito máis acusada nos Equipos de Orientación Específicos. A formación inicial, diferenciada en función das titulacións, é valorada como un factor que condiciona a práctica orientadora; a visión máis clínica corresponde aos titulados en psicología. Por outra banda, evidénciase a importancia do traballo colaborativo entre os membros do departamento de orientación e entre o orientador/a e os titores/as para o bo funcionamento da orientación, así como o papel decisivo que cumpre o respaldo do equipo directivo.

As expectativas do profesorado tamén están evolucionando, xa non só esperan que os especialistas solucionen as problemáticas do alumnado senón que tamén empezan a valorar as funcións de asesoramento colaborativo.

Os achados da nosa investigación evidencian unha clara infradotación dos recursos económicos e humanos necesarios para garantir a cobertura dos servizos de orientación e apoio. Tanto a rede de departamentos de orientación e o número de orientadores, como a dotación de especialistas dos EOE son insuficientes para desenvolver as funcións que lle son asignadas, sobre todo aquelas que inciden nunha acción máis preventiva e educativa; e ata, no caso dos servizos externos, son un impedimento para poder asumir as súas tarefas normais xa que non poden atender o fluxo de demandas que reciben. Os participantes no estudo coinciden na necesidade de estender os departamentos de orientación á maioría dos centros de Infantil e Primaria e de dotar con máis orientadores/as algúns centros de Secundaria. En relación cos EOE, reclámase que a súa dotación de especialistas debería de ser acorde coa poboación escolar de cada provincia, sen esquecer a dispersión xeográfica da rede escolar de cada provincia. Tamén se consideran necesarios máis especialistas en audición e linguaxe e pedagogía terapéutica.

A saínte Administración Educativa acometeu algunhas medidas destinadas a corrixir algunha destas disfuncións. A máis importante é a creación de departamentos compartidos de orientación en centros de infantil e primaria con un número de unidades entre 6 e 11. Neste caso fálase de departamento de orientación compartido. A orientador deste tipo de departamentos realiza o seu traballo en dous ou máis centros cun reparto horario e de recursos proporcional ao tamaño dos centros. (Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, 2008). Outra das actuacións acometidas foi o incremento do número de especialistas en audición e linguaxe. Tamén se completou a dotación dos especialistas dos servizos externos e dotouse dun especialista máis aos EOES das provincias de Coruña e Pontevedra.

Respecto da coordinación cos Servizos Sociais e Sanitarios, atopámonos con disparidade de experiencias, positivas no caso dos EOE e dos centros educativos específicos e negativas para os centros regulares. A Atención Temprá é o gran tema por resolver na complicada colaboración entre Consellerías. Respecto dos Servizos Sociais Municipais a colaboración é discrecional e depende tanto dos recursos humanos dos Concellos como da vontade para coordinarse por parte dos responsables dos dous. En Secundaria obsérvase a progresiva ocupación de tempos para a tutoría por actividades desenvolvidas por ONGs, con temas apropiados pero sen garantías de coñecemento e coordinación co profesorado responsable.

6. ALGUNHAS ACHEGAS

Tres circunstancias fan especialmente relevantes os achados procedentes deste estudo de caso

En primeiro lugar, os datos foron obtidos seis anos logo da implantación dos servizos de orientación en Galicia. É dicir, que pode considerarse que o sistema está asentado e que tanto no que respecta á evolución do modelo como ás fortalezas e debilidades da estrutura poden inferirse tendencias bastante consolidadas. Os estudos previos (Sobrado e Santos, 2004; Zabalza, 2005), ao terse realizado ao comezo da xeralización alertaron de problemas que se albiscaban de xeito incipiente. .

En segundo lugar, o estudo de caso coincide cun período de cambio político que no campo da orientación está tendo, en principio, efectos positivos ao implementarse medidas destinadas a paliar algunhas das disfuncións, que tal e como pon de manifesto o noso estudo, están asentadas na estrutura do sistema e invalidan os prometedores propósitos que a nivel normativo persegue a función orientadora.

En terceiro lugar, o arco temporal do estudo fai máis complexo o deseño da investigación e incrementa a necesaria contrastación de testemuños procedentes de múltiples fontes de datos, con todo permite trazar o percorrido avanzado desde a xénese dos servizos de orientación adaptados aos mandatos da LOXSE ata a actualidade, ofrecendo a oportunidade de investigar as consecuencias das decisións políticas e a evolución dos acontecementos socioeducativos, algo imprescindible cando se investigan sistemas sociais complexos como o sistema educativo e, dentro deste, a parcela dedicada á orientación.

BIBLIOGRAFÍA

- Consellería de Educación e Ordenación Universitaria (1996). *Proxecto de organización da orientación*. Comunidade Autónoma de Galicia. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia.
- Consellería de Educación e Ordenación Universitaria (2000). *A orientación educativa e profesional en Galicia*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia.
- Consellería de Educación e Ordenación Universitaria (2001.) *A orientación educativa e profesional. Estructura organizativa dos servizos de orientación*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia.
- Consellería de Educación e Ordenación Universitaria (2002). *A orientación educativa e profesional. Estructura organizativa dos servizos de orientación*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia.
- Consellería de Educación e Ordenación Universitaria (2008). *Rede de Orientación Educativa de Galicia*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia.
- Flick, U. (2004). *Introducción a la investigación cualitativa*. Madrid: Morata.

Gerbner, G. (1969) "Towards cultural indicators: the analysis of mass mediated public message systems" en Gerbner, G. et Al. (Eds.) *The analysis of communication content*. New York, John Wiley and Sons, INC.

Sobrado, L. y Santos, M. (dirs). (2004) *Orientación escolar e acción tutorial en Galicia. Informe sobre o estado e a situación do sistema educativo en Galicia*. Consellería de Educación e Ordenación Universitaria: Santiago de Compostela.

Stake, Robert E. (1998). *Investigación con estudio de casos*. Madrid: Morata.

Zabalza, M. (2005) (dir). *A Educación especial en Galicia: análise da situación actual e propostas de futuro*. Santiago: Unidixital

Decreto 120/1998, do 23 de abril, polo que se regula a orientación educativa e profesional na comunidade Autónoma de Galicia (DOG del 27 de abril de 1998).

Orde do 24 de xullo de 1998 pola que se establece a organización e funcionamento da orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia regulada polo Decreto 120/1998 (DOG del 31/07/1998).

¹ O estudo estivo dirixido pola profesora da UNED Dra. Consuelo Velaz de Medrano.

² Enténdese por modelo LOGSE o adoptado pola maioría das Comunidades Autónomas. A súa principal característica é a creación de servizos de orientación internos só nos centros de secundaria. Nas etapas de infantil e primaria os servizos son externos.